

## CONVERXENCIA E EMPREGO

MANUEL LAGO PEÑAS  
Sindicato Nacional de Comisi3ns Obreiras (SN de CC.OO.)

*Recibido:* 5 maio 2000  
*Aceptado:* 15 xuño 2000

A economía galega entra no ano 2000 en plena fase expansiva dun ciclo que se inicia no cuarto trimestre de 1993. O crecemento do PIB nun 4% no 3ltimo trimestre de 1999 sinala, ademais, a m3is que probable continuidade deste ciclo alcista que xa dura 25 trimestres.

Esta fase de intenso crecemento d3ise, ademais, nun contorno macroecon3mico de estabilidade, en especial, das variables monetarias. Estamos, xa que logo, perante unha conxuntura favorable e compartida co resto de Espa3a e mais con case t3dolos pa3ses da Uni3n Europea.

Neste escenario, o desafío da sociedade galega 3 o de transformar esta situaci3n nun cambio estrutural do noso sistema productivo, cambio que ha ter como elemento central a estratexia da converxencia.

A converxencia 3 a palabra clave para a pr3xima d3cada, en especial, durante o per3odo 2000-2006, prazo do actual marco financeiro comunitario que presenta un futuro incerto tras esa data para as pol3ticas de cohesi3n territorial, tanto nos recursos dispo3nibles coma no seu destino.

Galicia ten que aproveitar este per3odo para alcanzar, en termos de renda, a converxencia co valor medio de Espa3a e darlle un impulso para se achegar 3 da Uni3n Europea.

Porque, mal3a o intenso crecemento, o certo 3 que o indicador b3sico de converxencia –o PIB por habitante– segue en 1999 practicamente estancado: equivale 3 84% do valor medio de Espa3a e est3 32 puntos por debaixo do comunitario.

E isto acontece a pesar do peor comportamento demogr3fico de Galicia, onde, 3 diminuí-lo denominador, xorde un certo proceso perverso de converxencia, de “converxencia pasiva”, pola v3a da reducci3n da poboaci3n.

Se non queremos resignarnos a esta v3a, o 3nico xeito de acadar niveis de renda similares 3 logramos que a econom3a galega medre m3is axi3a c3 media do Estado e da Uni3n Europea.

En concreto, o PIB de Galicia ter3a que medrar na pr3xima d3cada cando menos un 1% por riba dos valores medios de Espa3a, para avanzar cara 3 converxencia. A combinaci3n deste maior dinamismo econ3mico coa peor evoluci3n demogr3fica colocar3anos neste cami3o.

3 evidente que todo isto non 3 m3is ca un simple xogo aritm3tico. O problema est3 en definir c3mo se logra este diferencial de crecemento da actividade econ3-

mica en Galicia para aumentar con maior intensidade có resto do territorio do Estado.

Como xa se sabe, cada vez existe máis sincronía entre o ciclo económico de Galicia e o de España. De feito, na última década –agás coa estraña excepción do ano 1995– danse cifras de crecemento do PIB practicamente iguais, aínda que algo por baixo en Galicia para o total acumulado do período.

Polo tanto, confiar en que da dinámica actual da nosa estrutura económica xurda este impulso cara á converxencia é un exercicio de puro voluntarismo. Máis aínda, na estrutura productiva de Galicia non destacan as ramas de actividade que están a tomar unha maior importancia no crecemento do PIB e que explican o maior dinamismo de comunidades como Baleares, Canarias, Madrid ou Cataluña.

Pero si existe unha resposta á pregunta de cómo medrar máis, resposta que non é voluntarista porque depende precisamente de quen ten que toma-la decisión de levala a cabo.

É o poder político, o Goberno central, a Xunta de Galicia e, por qué non, a Unión Europea os que poden e deben darlle este impulso ó crecemento que posibilite a converxencia.

Máis polo miúdo, un programa de investimento público do conxunto das administracións –compartido co resto das comunidades que son “obxectivo número 1”–, que teña un carácter excepcional e con dotacións orzamentarias claramente superiores ó feble investimento ordinario, podería xerar ese maior crecemento das comunidades con menor nivel de renda.

Unha dotación de preto de 200.000 millóns de pesetas por ano, durante o período 2000-2006, dese fondo especial posibilitaría o necesario crecemento de Galicia a través dunha dobre vía.

A curto prazo, impulsaría un maior crecemento gracias ó aumento sensible da demanda agregada e gracias ó efecto multiplicador do investimento público. Pero sobre todo, produciríase ese impulso a medio e longo prazo, porque este investimento permitiría capitaliza-la economía galega e dota-lo sistema productivo do país dunha base infraestructural competitiva coa do resto do Estado.

Esta proposta é moito máis ca unha simple manifestación de desexos; é, nin máis nin menos, que a esixencia de que se cumpran os principios básicos da Constitución española e dos propios tratados e normas da Unión Europea.

O principio da cohesión territorial de iguala-los niveis de desenvolvemento e renda dos diferentes territorios que conforman España e a Unión Europea forma parte destes principios básicos e, de feito, creáronse os instrumentos específicos para este fin: o Fondo de Compensación Interterritorial, os Fondos Estructurais e o Fondo de Cohesión.

O problema é o incumprimento real da obriga formal, que se concreta nunha baixa dotación orzamentaria e no uso de criterios que non se corresponden coa realidade dos territorios.

Velaquí unha proposta que tería que aglutina-lo conxunto da sociedade galega, comezando polos seus axentes institucionais, económicos e sociais: a esixencia dun

plan para a cohesión territorial, dun plan para a converxencia nos eidos do desenvolvemento e do benestar social, co obxectivo de que Galicia alcance unha renda por habitante similar á de España e á da Unión Europea.

Entre os elementos deste plan terían que incluírse as seguintes propostas concretas:

- A dotación anual ó Fondo de Compensación Interterritorial tería que ser efectivamente do 40% do investimento civil novo, sen outras limitacións.
- A distribución do investimento territorializado do Estado, capítulo VI dos orzamentos, tamén se tería que rexer polo principio da cohesión territorial.
- Os criterios de distribución dos fondos comunitarios, estruturais e de cohesión terán que se-los mesmos cós empregados polo Fondo de Compensación Interterritorial.

Para rematarmos, este maior crecemento económico terá que transformarse nun maior crecemento do emprego.

Nos últimos cinco anos o aumento do 18% do VEB só produciu un incremento do 2,5% do emprego, o que amosa as dificultades da economía galega para xerar emprego global, incluso nas fases expansivas do ciclo.

É no baixo nivel de ocupación –só 40 de cada 100 persoas en idade laboral traballan de xeito efectivo– onde radica a explicación básica do diferencial de renda e desenvolvemento de Galicia en relación coa Unión Europea.

Este baixo nivel de ocupación e, en parte, a súa estrutura ocupacional son causa-efecto do baixo nivel de renda relativo. Por iso o proceso de converxencia pasa necesariamente por aumentar de xeito sensible a poboación ocupada de Galicia.